

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2014**

=====
=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 14 maio de 2014

HORA DE COMEZO: 14:00 h.

HORA DE REMATE: 15:00 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 7 DE MAIO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 7 de maio de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 12 DE MAIO DE
2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.891.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.217.- A "FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO S.L.", con enderezo en Estrada de Aldán-Seixo, nº 2-Darbo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que a superficie da planta baixa é de 95,84 m2.

EXPEDIENTE Nº 24.959.- A Sara Santos Sotelo e Moisés Rial Martínez, con enderezo en Rúa Lúa, nº 3-Cangas, para no referido lugar, en solo urbano, regulado pola ordenanza do PEPRI, reformar o baixo cuberta en 50,20 m2., e instalación de un ascensor de 1,03 m2., de conformidade co proxecto visado o 24 de marzo de 2014 e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE Nº 24.893.- A Fernando Mateo Rodríguez e Rocío Pazó Feijó, con enderezo en Rúa Boisaca-Compostelana de Gas-15.890-Santiago, para en Chamiceira-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 123,60 m2., de planta baixa, 103,90 m2., de primeiro andar e 39,70 m2., de terrazas, de conformidade co proxecto básico de decembro de 2013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de

seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada o día 30 de abril de 2014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de CATROCENTOS CINCUENTA E DOUS CON VINTE E DOUS EUROS (452,22 €).

2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.803.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 104-Vigo, para no Igrexario-O Hío, executar 512,00 metros de canalización de rede de baixa tensión e un centro de transformación, foi deixado sobre a mesa pendente do informe de Patrimonio.

2.A.3) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN

EXPEDIENTE Nº 21.543.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR TAMARA JUANA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ.- A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 28 de abril de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Tamara Juana Vázquez Fernández, representada por Juan Vázquez Sanjuan, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Castelao, nº 20-27.001-Lugo, para a vivenda B, sita en Castrillón- Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.998.

2.A.4) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRAS

EXPEDIENTE Nº 23.176.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRAS Nº 22.404.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16 de xuño de 2011, acorda aprobar integramente o informe-proposta emitido pola xefa do Servizo de Urbanismo do Concello de Cangas, que é como segue:

"INFORME-PROPOSTA

Con relación ao expediente relativo á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 22.404, concedida a favor de 'LAXA MORRAZO, S.L.', que abeiraba as obras para a construción de un edificio sito en Vilariño-O Hío, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O día 19 de febreiro de 2014 o inspector municipal emite informe no que sinala que: 'presentado no lugar sinalado, compróbase que aínda non foron realizadas obras de edificación nin excavación.' Evidénciase así o incumprimento dos prazos establecidos na licenza concedida para a execución de obras no predio sito en Vilariño-O Hío desta localidade.

SEGUNDO.- O día 19 de febreiro de 2014 foi emitido informe xurídico referente á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, con relación á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 22.404.

TERCEIRO.- Por Resolución de Alcaldía do día 19 de febreiro de 2014, incoouse expediente para declarar a caducidade da licenza de obras nº 22.404, concedida a 'LAXA MORRAZO, S.L.'.

Intentada notificación ao interesado da iniciación do expediente esta foi devolta ao sinalar o servizo de correos que non foi retirada polos interesados (obran no expediente acuses de recibo do día 13.03.2014) e intentada notificación polo departamento da Policía Local o día 20 de marzo de 2014, informan que dita empresa xa non existe e o local está pechado.

Resultando fallida a práctica de notificación, procedeuse á publicación deste no BOP nº 64 de 2/04/114 e exposto no tabulario de anuncios do concello durante o prazo regulamentario o expediente de caducidade incoado. Transcorrido o prazo concedido en trámite de audiencia e non téndose formulado polo interesado alegación ningunha en relación coa proposta efectuada, procede a formulación de proposta de resolución que se fundamenta nos seguintes argumentos:

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ven establecida por:

— Os artigos 197 e 208 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

— O artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

— O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a declaración de caducidade da licenza urbanística por incumprimento do prazo de inicio. O acordo adoptarase pola Xunta de Goberno Local logo da Resolución da Alcaldía do 16 de xuño de 2011, que delega neste órgano o procedemento de concesión de licenzas.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 22.404, concedida a favor de 'LAXA MORRAZO, S.L.', e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo inicio das obras estipulado, visto o informe de inspección municipal do día 19 de febreiro de 2014.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto esta non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens, e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado para os efectos oportunos e dar traslado deste ao Servizo de Inspección Urbanística, co fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e en relación coas actuacións non abeiradas por licenza."

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.822.- A Eugenio Juncal Troncoso, con enderezo en Rúa Lorient, nº 14-2ºB-36210-Vigo, para en Outeiro-Cangas, abrir un oco para fiestra na fachada, de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE Nº 24.905.- A "META ESPACIO FI, S.L.", con enderezo en Ronda de la Cala Bassa, nº 15-28001-Madrid, para en Mendiña, nº 83-Aldán, proceder a reparación de elementos da cubrición, reparación de aleiros e humidades, de conformidade coa documentación presentada e declaración responsable presentada perante Costas o 13 de marzo de 2014.

2.C) COMUNICACIÓNS PREVIAS

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 24.947.- SUMIN MORRAZO S.L., acondicionamento local na Avda. de Marín, nº 24-baixo.

EXPEDIENTE Nº 24.951.- CONSTRUCCIONES INMAGO S.L., reposición materiais fachada en Rúa Ferrol, nº 11.

EXPEDIENTE Nº 24.954.- María Benavides Pombal, para substitución de fiestras en Rúa San Xosé, nº 80.

EXPEDIENTE Nº 24.955.- Luis Vázquez Feijoo, para substitución de alicatado e pintura na Avda. de Ourense-Trav., nº 3-2ºB.

EXPEDIENTE Nº 24.956.- Gustavo Fernández García, para caseta-asador en Lapiña, nº 1-Nerga-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 24.957.- María del Carmen Marcelino Iglesias, para reparación cuberta en San Cibrán, nº 14-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 24.958.- María del Carmen Riobó Sotelo, caseta-asador en Menduíña, nº 3-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 24.962.- Antonia Constantina Rodal Abal, raparacións exteriores en Rúa Álvaro Guitián, nº 9.

EXPEDIENTE Nº 24.963.- María Luisa Camaño Villar, reposición cerramento en Miranda, nº 1.

EXPEDIENTE Nº 24.965.- Francisco José Martínez Prieto, substitución alicatados en Rúa Berbetaña, nº 3-1º.

EXPEDIENTE Nº 24.970.- María del Carmen Nores Graña, cambio fiestras en Rúa Manuel Graña, nº 3-2º.

EXPEDIENTE Nº 24.974.- María del Carmen Piñeiro Montes, cerramento en Rúa Fomento, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.981.- Agustín Vidal Camaño, cerramento en Costeira-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 24.984.- José Jaime Martínez González, cerramento en Carballal-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 24.986.- Antonio Amoedo Castellano, motaxe pérgola en primeira Trav. Atranco.

EXPEDIENTE Nº 1.714.- PITXALIS, C.B., cambio titularidade bar-pizzería en Rúa Antonio Garelli, nº 21.

EXPEDIENTE Nº 1.716.- MATE C.B., cambio titularidade bar-tapería na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 15.

EXPEDIENTE Nº 1.719.- Pilar Fernández Iglesias, cambio titularidade e venda de tecnoloxía informática en Rúa Pablo Iglesias.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLORACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

Este punto retírase da orde do día.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

5º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
ESTEFANÍA VIDAL CARBALLA A Madalena, nº 33- Erbello-Aldán-Cangas	AVAL	7.073,42 €	EXPEDIENTE Nº 22.458
JESÚS MANUEL COSTA PAZÓ e ROSA ANA CAMAÑO CASÁS Outeiro, nº 11-B-Coiro- Cangas	FIANZA	2.526,89 €	EXPEDIENTE Nº 22.505
MAR DE AGUABOA, S.L. O Espírito Santo, nº 17- B-Coiro-Cangas	AVAL	8.553,64 €	EXPEDIENTE Nº 20.410

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/REVERSIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 14.5.14, referente a recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 20.9.12 da Consellería de Facenda, por desestimación de solicitude do Concello de Cangas, para proceder á reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria Local sito en rúa Cuba, 4-Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o Concello de Cangas interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 20 de setembro de 2012 da Consellería de Facenda, pola que se desestima a solicitude do Concello de Cangas para que proceda á reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria local sito na rúa Cuba núm. 4 do Concello de Cangas.

Visto que o Concello de Cangas chegou a un acordo coa Consellería de Facenda en virtude da Orde da Consellería de Facenda de 07.02.2014 pola que se inicia o expediente de alleamento por adxudicación directa a favor do Concello de Cangas da planta baixa e primeiro andar do inmovible sito na rúa Cuba núm. 4 do Concello de Cangas, tal e como quedou reflicto no acta da sesión realizada pola Xunta de Goberno Local en data 24 de febreiro de 2014.

Como consecuencia do exposto, de conformidade coa competencia do artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

** Solicitar ao Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela se proceda ao arquivo do procedemento ordinario 245/2013, sen imposición de costas a ningunha das partes, por razón de perda do obxecto do recurso contencioso, ao chegarse a un acordo extraxudicial coa representación procesal da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 20.9.12 da Consellería de Facenda, por desestimación de solicitude do Concello de Cangas, para proceder á reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria Local de Cangas.

6.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 57/2014 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 158/2013 (X-13/12)

Examinada a proposta da Alcaldía do día 9.5.14, referente a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 158/2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 57/2014 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 158/2013 (X-13/12)

Vista a Sentenza nº 57/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 158/2013, instruído a instancia de Juan Carlos Fernández Amorós, en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Visto que a sentenza estima o recurso e condena ao Concello de Cangas a aboarlle ao reclamante a cantidade de 1.217,76 €, en concepto de indemnización polos danos causados.

Visto que o día 11.04.2014 o xulgado ditou un auto aclarando o fallo da sentenza: 'no sentido de que a cantidade pola que debe ser indemnizado o recorrente ascende á suma de 2.190,10 €.'

Visto que o con cello ten subscrita unha póliza de seguro con MAPFRE para a cobertura destas continxencias, cunha franquía de 300,00 €.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte
ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 57/2013, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, no Procedemento Abreviado nº 158/2013, instruído a instancia de Juan Carlos Fernández Amorós, en reclamación de responsabilidade patrimonial e do auto ditado en aclaración desta.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €), a favor de Juan Carlos Fernández Amorós, con cargo á aplicación 920.226.99 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico, así como, á aseguradora 'MAPFRE'."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 158/2013.

6.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 101/2014 DITADA O DÍA 05.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 101/2014 (X-13/15)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- * Reclamante: M^aCarmen González Barreiro
- * Sentenza: desestima o recurso interposto pola reclamante, contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación patrimonial presentada por aquela o 10/10/12 no Concello de Cangas, por importe de 5.618,84 euros.
- * Recursos: a sentenza é firme.

6.D) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 23.04.2014, POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN 20/2010 (PO 346/2008) (X-08/30)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 13.5.14, referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra na peza separada de execución 20/2010, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO EN DATA 23.04.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN 20/2010 (PO 346/2008) (X-08/30)

Visto o Decreto ditado en data 23.04.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra na Peza Separada de Execución 20/2010, dimanante do Procedemento Ordinario 346/2008, instruído a instancia da mercantil 'Obras, Reformas y Saneamientos, S.A.' (ORES).

Visto que o referido decreto a proba a liquidación de xuros por importe de 1.382,48 euros, que este concello debe aboar á reclamante.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto ditado en data 23.04.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, na Peza Separada de Execución 20/2010 dimanante do Procedemento Ordinario 346/2008, instruído a instancia da mercantil 'Obras, Reformas y Saneamientos, S.A.' (ORES).

Segundo.- Que os departamentos de Intervención e Tesourería realicen os trámites necesarios co fin de recoñecer a obriga polo importe adebedado e se continúe o procedemento ata o seu completo pagamento.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao decreto ditado polo Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Pontevedra na peza separada de execución 20/2010.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS DO CASCO VELLO "CANGAS VELLA" S/CORTE DE RÚA PARA ACTIVIDADES NA RÚA POR PARTE DE LOCAIS HOSTELEIROS DA ZONA

Examinada a solicitude do día 12.5.14 presentada pola ASOCICACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS DO CASCO VELLO "CANGAS VELLA", na que solicitan ocupación de vía pública en Eirado do Señal para o vindeiro día 25 de maio desde as 10:00 da mañá ata as 15:00 horas, con motivo da "Pinchada con Pinchos".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar a solicitude presentada pola referida asociación de comerciantes e hostaleiros, sendo extensible esta denegación a calquera actividade comercial que se pretenda realizar na vía pública cando impidan ou dificulten o acceso a vivendas e garaxes por parte dos residentes e vehículos.

B) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE PARA A FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "NOVA GRADA DO ALONDRAS C.F."

Examinada a resolución da Alcaldía do día 9.5.14, referente a solicitude para a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a execución da obra "NOVA GRADA DO ALONDRAS, C.F.", que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN

SOLICITUDE PARA A FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA 'NOVA GRADA DO ALONDRAS, C.F.'

Visto que a Xunta de Goberno Local do día 27/01/2010, aceptou a cesión en usufructo do Campo do Morrazo por un prazo de 25 anos acordada pola Asamblea Xeral do 'Alondras, C.F.', a favor do Concello de Cangas, formalizándose en escritura pública, e acordouse a inclusión de tal dereito no Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

Que formalizada a escritura pública, o prazo da cesión do usufructo será de 25 anos a partir do 28/01/2010.

Que o Pleno do Concello de Cangas, en data do 28/05/2010, acordou aprobar a proposta de modificación do Inventario de Bens para a incorporación, entre outros, do dereito de usufructo.

Vistas as necesidas da grada do 'Alondras, C.F.', atópase visiblemente degradada polo paso do tempo e que presenta un inminente perigo de derrubamento, redáctase polos técnicos municipais o proxecto da 'Nova grada do 'Alondras, C.F.', polo importe total de 661.052,74 euros.

E con base nas atribucións que me confire a presente lexislación, RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra asinar un convenio de colaboración para a execución da obra emprendida no proxecto da 'Nova grada do Alondras, C.F.', polo importe total de 661.052,74 euros.

Segundo.- Comprometerse co seguinte financiamento:

Entidade	Importe
<i>Deputación de Pontevedra (75% -Convenio)</i>	<i>495.789,55 €</i>
<i>Concello de Cangas (25% POS)</i>	<i>165.263,18 €</i>
<i>Investimento total</i>	<i>661.052,74 €</i>

Terceiro.- Comprometerse a poñer a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra, os terreos necesarios, para poder levar a cabo a execución das obras da 'Nova grada do Alondras, C.F.'

Cuarto.- Comprometeirse ao mantemento das obras que se executen desde o día seguinte á sinatura da acta de recepción.

Quinto.- Comprometerse a dar publicidade da obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude para a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a execución da obra "NOVA GRADA DO ALONDRAS, C.F."

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PLAN DENOMINADO POS-LIBRE DESIGNACIÓN PARA EXECUCIÓN DE DIFERENTES PROXECTOS

Vista a proposta da Alcaldía do día 14.5.14 referente a solicitude á Deputación Provincial de axuda, con cargo ao plan denominado POS - libre designación para execución de diferentes proxectos, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PLAN DENOMINADO POS-LIBRE DESIGNACIÓN PARA EXECUCIÓN DE DIFERENTES PROXECTOS

O plan de axuste concedido a este concello ao abeiro do R.d. 4/2012, supuxo unha redución dos recursos financeiros municipais co obxecto de aplicar os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vistas as necesidades e co obxecto de seguir prestando un bo servizo aos cidadáns e considerando que a lexislación vixente, en materia de réxime local, encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Propoño, á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial, con cargo ao Plan denominado POS-libre designación axuda para a execución dos seguintes proxectos:

Denominación proxecto	Importe solicitado	Importe total proxecto
<i>Proxecto de renovación urbana da rúa Antonio Garelly (servizos e pavimentación) Concello de Cangas.</i>	<i>218.323,20 €</i>	<i>218.323,20 €</i>
<i>Proxecto de mellora de servizos e pavimentación en Rúa Pablo Iglesias-Concello de Cangas</i>	<i>197.408,64 €</i>	<i>197.408,64 €</i>
<i>Pavimentación ecolóxica en Donón</i>	<i>33.667,77 €</i>	<i>33.667,77 €</i>

<i>Proxecto de rehabilitación edificio Agraria e oficina da Oral de Cangas</i>		
<i>Proxecto da 'Nova grada do Alondras, C.F.'</i>	<i>165.263,19 €</i>	<i>661.052,74 €</i>

Segundo.- *Aprobar os seguintes proxectos que se solicitan:*

<i>Denominación proxecto</i>	<i>Importe total proxecto</i>
<i>Proxecto de renovación urbana da rúa Antonio Garelly (servizos e pavimentación) Concello de Cangas. Redactora: arquitecta municipal, M^a Isabel Medraño Fariña</i>	<i>218.323,20 €</i>
<i>Proxecto de mellora de servizos e pavimentación en Rúa Pablo Iglesias-Concello de Cangas Redactora: arquitecta municipal, M^a Isabel Medraño Fariña</i>	<i>197.408,64 €</i>
<i>Pavimentación ecolóxica en Donón Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	<i>33.667,77 €</i>
<i>Proxecto de rehabilitación edificio Agraria e oficina da Oral de Cangas Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	
<i>Proxecto da Nova grada do 'Alondras, C.F.' Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	<i>661.052,74 €</i>

Terceiro.- *Declarar que o Concello de Cangas, para os proxectos que se solicita axuda, non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada.*

Cuarto.- *Declarar que o Concello de Cangas, ten dispoñibilidade sobre os terreos dos proxectos que se solicita axuda."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía, referente a solicitude á Deputación Provincial de axuda, con cargo ao plan denominado POS - libre designación para execución de diferentes proxectos.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente

TIPO DE LETRA

*****SACA-LA ACTA
OFICIAL*****

DA BERTA ALONSO SOTO, SECRETARIA XERAL DO ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día catorce de maio de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PLAN DENOMINADO POS-LIBRE DESIGNACIÓN PARA EXECUCIÓN DE DIFERENTES PROXECTOS

Vista a proposta da Alcaldía do día 14.5.14 referente a solicitude á Deputación Provincial de axuda, con cargo ao plan denominado POS - libre designación para execución de diferentes proxectos, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PLAN DENOMINADO POS-LIBRE DESIGNACIÓN PARA EXECUCIÓN DE DIFERENTES PROXECTOS

O plan de axuste concedido a este concello ao abeiro do R.d. 4/2012, supuxo unha redución dos recursos financeiros municipais co obxecto de aplicar os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vistas as necesidades e co obxecto de seguir prestando un bo servizo aos cidadáns e considerando que a lexislación vixente, en materia de réxime local, encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Propoño, á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial, con cargo ao Plan denominado POS-libre designación axuda para a execución dos seguintes proxectos:

Denominación proxecto	Importe solicitado	Importe total proxecto
<i>Proxecto de renovación urbana da rúa Antonio Garelly (servizos e pavimentación) Concello de Cangas.</i>	<i>218.323,20 €</i>	<i>218.323,20 €</i>
<i>Proxecto de mellora de servizos e pavimentación en Rúa Pablo Iglesias-Concello de Cangas</i>	<i>197.408,64 €</i>	<i>197.408,64 €</i>
<i>Pavimentación ecolóxica en Donón</i>	<i>33.667,77 €</i>	<i>33.667,77 €</i>

<i>Proxecto de rehabilitación edificio Agraria e oficina da Oral de Cangas</i>		
<i>Proxecto da 'Nova grada do Alondras, C.F.'</i>	<i>165.263,19 €</i>	<i>661.052,74 €</i>

Segundo.- Aprobar os seguintes proxectos que se solicitan:

<i>Denominación proxecto</i>	<i>Importe total proxecto</i>
<i>Proxecto de renovación urbana da rúa Antonio Garelly (servizos e pavimentación) Concello de Cangas. Redactora: arquitecta municipal, M^a Isabel Medraño Fariña</i>	<i>218.323,20 €</i>
<i>Proxecto de mellora de servizos e pavimentación en Rúa Pablo Iglesias-Concello de Cangas Redactora: arquitecta municipal, M^a Isabel Medraño Fariña</i>	<i>197.408,64 €</i>
<i>Pavimentación ecolóxica en Donón Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	<i>33.667,77 €</i>
<i>Proxecto de rehabilitación edificio Agraria e oficina da Oral de Cangas Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	
<i>Proxecto da Nova grada do 'Alondras, C.F.' Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	<i>661.052,74 €</i>

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para os proxectos que se solicita axuda, non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas, ten dispoñibilidade sobre os terreos dos proxectos que se solicita axuda."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía, referente a solicitude á Deputación Provincial de axuda, con cargo ao plan denominado POS - libre designación para execución de diferentes proxectos.

E para que conste e coa salvidade do disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Cangas, 29 de maio de 2014.

Visto e praxe

A secretaria xeral

O alcalde-presidente